

## ¿ Quen somos ?

A Axencia de Desenvolvemento Local (ADL) de Camariñas é un servizo municipal que funciona dende o ano 1989 e que ten como principal cometido o desenvolvemento socioeconómico, harmónico e sostible e a creación de emprego no territorio de Camariñas.

Os servizos que ofrece a ADL agrúpanse en 3 áreas:

- a.- *Desenvolvemento local e emprendemento.*
- b.- *Busca de emprego e orientación laboral*
- c.- *Formación e novas tecnoloxías da información e a comunicación.*

### LOCALIZACIÓN

**CASA DE PEDRA**  
Praza de Insuela S/N  
Camariñas 15123 ( A Coruña )

Teléf: 981 73 70 04 Fax: 981 73 61 99

Web: [www.camarinas.net](http://www.camarinas.net)  
Mail: [info@camarinas.net](mailto:info@camarinas.net)

Horario verán: Luns – venres 8:00 – 14:00  
Horario inverno: Luns – venres 8:00 – 15:00

### RESPONSABLE POLÍTICO

**Sergio Caamaño Fernández**  
Concelleiro responsable da área de  
Desenvolvemento Local

### EQUIPO TÉCNICO

**COORDINADOR**  
Emilio González Ramos  
(Axente de desenvolvemento local)  
[egonzalez.desenvolvemento@camarinas.net](mailto:egonzalez.desenvolvemento@camarinas.net)

**AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL**  
María Jiménez Sánchez  
[mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net](mailto:mjimenez.desenvolvemento@camarinas.net)

**ORIENTADORA LABORAL**  
Margarita Seijas Carballeda  
[mseijas.desenvolvemento@camarinas.net](mailto:mseijas.desenvolvemento@camarinas.net)

**COORDINADOR CENTRO DE INICIATIVAS**  
José Manuel Sestayo López  
[departamento.informatico@camarinas.net](mailto:departamento.informatico@camarinas.net)

**TÉCNICO DINAMIZADOR DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN:**  
Óscar Clapés  
[oscar.camarinas@dinamiza.sociedadedainformacion.eu](mailto:oscar.camarinas@dinamiza.sociedadedainformacion.eu)



Concello de  
**Camariñas**



## AXENCIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL

### Desenvolvemento e emprendemento



### Emprego e Orientación



### Formación e novas tecnoloxías





# SERVIZOS

## a.- Desenvolvemento local

*Asistencia técnica á creación de empresa e promoción da cultura emprendedora.*

- Información e asesoramento na avallación inicial da idea, na xeración e madureza da idea empresarial no Plan de Empresa.
- Información, asesoramento, tramitación e acompañamento dos trámites e xestións para a posta en marcha da empresa.
- Orientación sobre as fontes de financiamento e tramitación de axudas e subvencións.
- Información e organización de accións formativas.

*Asistencia ás empresas establecidas.*

- Apoio para a mellora da competitividade e organización de accións formativas.
- Asesoramento legal, financeiro, económico e en innovación e tecnoloxía.
- Asesoramento e tramitación de axudas e subvencións, fontes de financiamento e contratación.
- Tratamento da oferta de emprego no SPEG (Servizo Público de Emprego de Galicia).

*Asistencia técnica ó sector artesán.*

- Asesoramento sobre fontes de financiamento, mellora da competitividade, comercialización, internalización, novas tecnoloxías...
- Tramitación da Carta de Artesán e Obradoiros Artesáns.
- Tramitación de axudas e subvencións e organización de accións formativas para o sector.
- Información sobre Feiras e exposicións.

*Asistencia a entidades e asociacións.*

- Asesoramento e tramitación de axudas e subvencións.
- Apoio para o deseño e execución de accións formativas e programas de desenvolvemento.
- Apoio á creación, mellora e dinamización de entidades profesionais e empresariais.

*Deseño, organización, seguimento e avaliación de accións formativas.*

- Detección de necesidades formativas e captación de recursos para o seu desenvolvemento.
- Información sobre oferta formativa.
- Organización, seguimento e avaliación de accións de divulgación e formativas : Formación Ocupacional e Profesional para desempregados, activos, emprendedores, empresarios e colectivos específicos.

*Documentación e investigación*

- Realización de estudos, informes e proxectos socioeconómicos.
- Información sobre documentos e estudos relacionados coa situación do mercado laboral e dos diferentes sectores económicos.
- Apoio documental e de planificación para memorias, plans de accións e deseños de actividades de empresas, institucións, entidades e emprendedores.
- Realización de soportes documentais e divulgativos.

*Información e tramitación de recursos para o desenvolvemento.*

- Información, asesoramento e tramitación dos recursos para a mellora do medio rural ( vivenda, enerxías alternativas, mellora do medio rural, cultural, medioambiental...)
- Información sobre lexislación e axudas e programas da Unión Europea.

## b.- Busca de emprego e orientación laboral

*Entidade Colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia*

- Asesoramento para a inscrición das demandas de emprego no SPEG.
- Asesoramento legal (contratación, prestacións por desemprego e subsidios, nóminas...)
- Orientación Laboral e IPIs (Itinerarios Personalizados de Inserción) : Información e asesoramento sobre recursos cara a mellora da empregabilidade dos demandantes. Accións personalizadas e colectivas para a busca activa de emprego.
- Punto de Información do SPEG: renovación da demanda e mellora de emprego, acceso ó portal de emprego da Xunta de Galicia.

## c.- Formación e novas tecnoloxías da información e comunicación.

- Centro de recursos formativos para programas e accións formativas dispoñibles para calquera colectivo.
- Centro de Formación Ocupacional (FIP) de carpintería e ebanistería.
- Aula de informática titorizada nas modalidades de aula aberta e de formación.
- Programa de Dinamización Sociedade da Información e asesoramento sobre novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Programa de alfabetización dixital para a inclusión e achegamento á Sociedade da Información.